

# **CURSO 2021-22**

## **CIENCIAS SOCIAIS - 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA - PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

### **1.- Competencias clave:**

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
3. Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
4. Aprender a aprender (CAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.
5. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrático na vida social e cívica.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e cestionar proxectos.
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

## 2.- Obxectivos da educación primaria.

- a) A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permita:
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3.- Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</b>				
a b d e h i	B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxerencia e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. B1.2. Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas),	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CD CMCCT CCL
			CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA
			CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafol) e comunicación das conclusións. B1.3.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.			
a	B1.4.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material. B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. B1.6.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA
b c d			CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	CSC CAA
b e h i o	B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área. Organización de ficheiros temáticos de termos propios da área. B1.8.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e	B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	CCL CAA CMCCT CSC
			CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	CCL CMCCT CSC CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información. B1.9.Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.		CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CMCCT CSC
<b>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</b>				
h e	B2.1.O Universo: galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.	CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	CMCCT CCL
h e	B2.2.O sistema Sslar: o Sol e os planetas.	B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	CMCCT CCL
h e g	B2.3.O planeta Terra e a Lúa. Características. B2.4. Movementos terrestres e as súas consecuencias: as estacións do ano, día e noite, fusos horarios. B2.5.A translación da Lúa: as fases lunares. Eclipses e mareas.	B2.3.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.	CSB2.3.1.Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. CSB2.3.3.Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	CMCCT CCL CAA CMCCT CCL CAA CMCCT CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h g e i	B2.6.Cartografía. Planos, mapas e planisferios. Mapas temáticos. B2.7. Escalas e signos convencionais dun mapa. B2.8.Orientación no espazo: técnicas, instrumentos e estratexias. Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.	B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	CMCCT CAA
e g h o	B2.9.O clima e factores climáticos.	B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	CMCCT CCL
e g h o	B2.10.As grandes zonas climáticas do planeta. B2.11.Tipos de climas de España e as súas zonas de influencia. O clima en Galicia.	B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	CMCCT CCL
			CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	CMCCT CAA CCL
h i o	B2.12.A paisaxe: elementos que a forman, tipos de paisaxes. B2.13.Características das principais	B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características	CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa	CCL CSC CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	paisaxes de España.	das principais paisaxes de España	diversidade.	
e h io	B2.14.A diversidade xeográfica das paisaxes de España: relevo e hidrografía. B2.15.O relevo e a rede hidrográfica de Galicia. Utilización de sistemas de información xeográfica.	B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	CMCCT
			CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	CMCCT
a b h	B2.16.A intervención humana no medio. Estudo de campo das consecuencias da intervención humana na contorna. B2.17.A contaminación e o cambio climático. B2.18.Desenvolvemento sostible e consumo responsable.	B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC CCL
			CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC CAA
<b>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</b>				
a d h	B3.1.A Constitución de 1978. B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.	CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	CSC CCL
a d h	B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria. B3.4.As principais institucións	B3.2.Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e	CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	CSC CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas.	organización.	CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	CCL CSC
a d h	B3.5. Entidades territoriais e órganos de goberno. As comunidades autónomas, as cidades autónomas e as provincias.	B3.3. Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno.	CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	CCL CSC
a d h o	B3.6. Manifestacións culturais e lingüísticas de España.	B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CCL
d g h i	B3.7. Demografía e poboación. Variables demográficas. B3.8. Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación. B3.9. Representación gráfica de datos demográficos.	B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.	CSB3.5.1. Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. CSB3.5.2. Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	CMCCT CCL CSC CMCCT CAA
d g h o	B3.10. Poboación de Galicia e España: distribución e evolución. Representación gráfica dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en	B3.6. Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa	CSB3.6.1. Describe os principais rasgos da poboación española. CSB3.6.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que	CCL CSC CCL CSC



ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	fontes estatísticas: INE.	graficamente.	tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	
			CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	CCL CSC
			CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	CSC
a d h o	B3.11.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de inmigrantes ao noso país. B3.12.Problemas actuais da poboación española. Estudo de casos e debates.	B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.	CCL CSC
			CSB3.7.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	CCL CSC
h	B3.13.As actividades produtivas: recursos naturais e materias primas. B3.14.Productos elaborados. Artesanía e Industria. Formas de produción.	B3.8.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.	CSB3.8.1.Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.	CCL CSC
			CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	CCL CSC CMCCT
h o	B3.15.As actividades económicas e os sectores produtivos de España.	B3.9.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas	CSB3.9.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	CMTC CSC
			CSB3.9.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en	CCL CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		de España.	España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO</b>				
g o h	B4.1.O tempo histórico. A Idade Media e a Idade Moderna: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.	B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	CSC CMCCT CCL CCEC
b h i	B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación: fontes primarias e secundarias. Elaboración dun traballo comparativo entre tipos de fontes históricas.	B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia, diferenciando entre fontes primarias e secundarias.	CSB4.2.1.Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.	CSC CMCCT CAA CCEC
g h i	B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.	B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	CSC CMCCT CAA CCEC
b d h o	B4.4.A península ibérica na Idade Media. B4.5.Al-Andalus e os reinos cristianos. B4.6.O Camiño de Santiago. O Románico. O Gótico. Proposta de	B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	CMCCT CSC CCEC
			CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as	CMCCT CSC CCEC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	realización dunha investigación e exposición sobre o Camiño de Santiago. B4.7.España e Galicia na Idade Moderna. B4.8.A época dos grandes descubrimentos. B4.9.A monarquía dos Austrias e os Borbóns. B4.10.A arte na Idade Moderna: Renacemento e Barroco.		principais características de cada unha delas.	CCL
			CSB4.4.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	CSC CCEC CAA
			CSB4.4.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.	CMCCT CSC CCEC
			CSB4.4.5.Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	CCEC CSC CCL
			CSB4.4.6.Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).	CSC CCL CCEC
do	B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.	B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC CCEC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
do	B4.12.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo.	B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	CSC CCEC

**4.- Vinculación entre estándares de aprendizaxe, con indicación dos mínimos esixibles para promocionar, e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	X	X	X		Observación sistemática	100%
CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos	X	X	X	X	Observación sistemática	50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
de maneira ordenada, clara e limpa.					Análise das producións dos alumnos	50%
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	X	X	X		Observación sistemática	100%
CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	X	X	X		Intercambio oral Proba escrita Análise das producións dos alumnos	20% 40% 40%
CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	X	X	X		Observación sistemática Intercambio oral	50% 50%
CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	X			X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.3.2. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.3.3. Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.4.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	X				Intercambio oral Proba escrita Análise das producións dos alumnos	20% 50% 30%
CSB2.5.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	X			X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.6.1. Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	X			X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.7.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	X				Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en	X			X	Proba escrita	60%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
España e as súas vertentes hidrográficas.					Análise das producións dos alumnos	40%
CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	X			X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.		X			Intercambio oral	100%
CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.		X		X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.		X			Intercambio oral	100%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Critérios de cualificación
CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.6.1.Describe os principais rasgos da poboación española.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.6.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.		X		X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.7.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.8.1.Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%



Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Cráterios de cualificación
pertencen.						
CSB3.9.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.		X		X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB3.9.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.		X			Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.1.1. Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.			X	X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.2.1. Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.3.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.			X	X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.4.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.			X	X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
CSB4.4.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.4.5. Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.4.6. Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).			X		Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.			X	X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%
CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e cooidar.			X	X	Proba escrita Análise das producións dos alumnos	60% 40%

## 5.- Elementos transversais.

### a. Traballaranse en tódalas disciplinas:

- A comprensión lectora,
- A expresión oral e escrita,
- A comunicación audiovisual,

- As tecnoloxías da información e a comunicación,
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional
- Os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- Prevención de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Educación e seguridade viaria

**b. Actuacións de prevención, hixiene e protección.**

- Prevención:
  - ✓ O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:
  - ✓ Evitar aglomeracións:

- ✓ Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- ✓ Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- ✓ Establecer quendas de recreo.
- ✓ Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- ✓ Regular o acceso aos aseos e diversificalos (cada aula un aseo)
- Distancia social:
  - ✓ Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
  - ✓ Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
  - ✓ O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
  - ✓ As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.
- Hixiene:
  - ✓ Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.
  - ✓ Hixiene xeral do centro:
    - ✓ Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
    - ✓ Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá e unha pola tarde.
    - ✓ Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
    - ✓ Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.

✓ Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

✓ Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños. Hixienizar sempre as mans ao chegar á escola antes de saír das aulas, antes da merenda , sempre que se usen os aseos, ao subir do recreo e sempre que se precise

✓ Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cúbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.

✓ Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

✓ Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de deixar desinfectados tanto o mobiliario coma os materiais ou recursos utilizados. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel hidroalcohólico. Para unha maior seguridade, cada usuario debe establecer a rutina de desinfectar os postos e materiais que vai utilizar. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto. Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

✓ Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza. Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

✓ Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíble que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, así coma os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
  - ✓ Xel: en todas as aulas e espazos comúns
  - ✓ Xabron: nos aseos e botiquín.
  - ✓ Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
  - ✓ Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (música e EF)
  - ✓ Solución desinfectante: nas aulas

- Protección:
  - ✓ Uso de máscara:
  - ✓ Uso obrigatorio para todo o profesorado.
  - ✓ Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
  - ✓ Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
  - ✓ Pantallas: Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible. Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).
  - ✓ Mamparas: Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de dirección, administración, secretaría e xefatura de estudos. Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran .

**c. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten o emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- ✓ Acceso á aula virtual (de infantil a 6º de primaria) e a EVA – Edixgal (5º de primaria).
  - ✓ Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a (infantil a 6º de primaria)
  - ✓ Envío de tarefas a través da aula virtual (infantil a 6º) e da plataforma EVA (5º)
  - ✓ Consulta de cualificacións e comentarios.
  - ✓ Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual e de EVA.
- 
- Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:
    - ✓ Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
    - ✓ Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.gal](mailto:ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.gal)
    - ✓ Teléfono: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 988783044/45e o 988783047 para temas concretos podemos potenciar o emprego dunha delas para non saturar a outra liña e deixala baleira para consultas de carácter xeral.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

**d. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.**

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgraza, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas. Tanto para o profesorado como para o alumnado supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles: tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.



## **6.- Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave**

### **6.1. Principios metodolóxicos:**

**Emprego dun estilo educativo asertivo.** Fuxindo dunha postura inibicionista tanto coma da concepción punitiva, practícarase unha actitude comprensiva coas posibilidades e características do alumnado, buscando a súa mellora permanente e guiando as súas aprendizaxes. Como reforzo do esforzo, da conduta adaptativa ou do traballo ben feito usarase fundamentalmente o eloxio constante, ao mesmo tempo que se ignora ou se reprende o comportamento inadecuado. Esta discriminación condutual, xunto co trato respectuoso e xusto favorecerán a autoestima, o rendemento escolar e a convivencia pacífica, contribuíndo ao desenvolvemento do clima escolar necesario.

**Procura de aprendizaxes significativos.** Nas diferentes unidades de ensino-aprendizaxe procurarase sempre

- Que os contidos sexan lóxicos e coherentes, con estrutura e vocabulario adaptados ao alumnado ao que se dirixen.
- Que o alumnado teña os coñecementos previos necesarios para comprender os novos contidos e que estes estean activados.
- Que o alumnado teña a predisposición, a actitude, o interese e a motivación necesarias para interactuar cos contidos que lle propomos.

**Desenvolvemento de traballo por proxectos e traballos de investigación.** Sen esquecer as aprendizaxes por recepción, baseadas nas explicacións e na presentación de contidos por parte do profesorado, íranse promovendo traballos nos que, coa guía do profesorado, será o alumnado (só ou en cooperación cos seus compañeiros) o que busca a información, a traballa e elabora con ela algún tipo de produto, que presenta aos demais. A biblioteca e as TIC serán recursos fundamentais para o desenvolvemento destes traballos.

**Metodoloxías activas.** O alumno non pode quedarse nunha recepción pasiva de coñecementos. Promoverase a actividade mental do alumno, que deberá traballar a información que recibe, enlazándoa cos seus coñecementos previos, dándolle sentido, esforzándose por entendela e buscando un cambio nos seus esquemas de coñecemento. As técnicas de traballo intelectual e comprensión lectora (resumes, esquemas...) ou o tipo de traballo que mencionamos no punto anterior, son fórmulas eficaces para promover esa actividade mental necesaria.

**Atención á diversidade.** Ter en conta as **peculiaridades** (ritmos e estilos de aprendizaxe, capacidades, etc.) de cada grupo e de cada neno/a concreto. Cada alumno ten as súas necesidades educativas e algúns presentan necesidades educativas especiais que deberán ser atendidas.

**Traballo cooperativo.** No traballo cooperativo e por proxectos tanto as comunicacións como os produtos finais a elaborar deberán realizarse a través de medios tecnolóxicos (correo, teléfono, internet, programas informáticos...).

**Contribución ao desenvolvemento da capacidade “de aprender a aprender”.**

As sucesivas unidades de ensino-aprendizaxe que se desenvolven no centro irán encamiñadas a que o alumnado aprenda a regular os seus propios procesos de aprendizaxe, é dicir a planificar, supervisar e avaliar o seu comportamento cando se enfronta a calquera tarefa escolar.

**Cooperación e complicidade coas familias do alumnado,** como requisito de primeiro orde para conseguir os obxectivos educativos do currículo escolar.

**6.2. Secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe.**

A concreción da metodoloxía maniféstase na secuencia e no tipo de actividades que o profesorado programa e que logo desenvolve na aula co alumnado. A secuencia base da actividades educativas aproximarase á seguinte:

**6.2.1.- Actividades para a presentación do centro de interese a traballar da forma máis chamativa posible, tratando de espertar a atención do alumnado e de motivalo cara as novas aprendizaxes, mediante vídeos, lecturas, xogos...**

**6.2.2.- Actividades de indagación/explicitación das ideas previas dos alumnos/as:**

- **Informar** aos alumnos/as sobre os novos contidos a tratar, buscándolle **relación con outros contidos tratados con anterioridade.**
- Facer **preguntas** que obriguen aos distintos alumnos/as a relacionar os novos contidos con diferentes situacións funcionais e **que permitan identificar que tipos e graos de coñecemento** teñen sobre o tema.
- Promover a **intercomunicación do alumnado** sobre as novas cuestións (isto dá unha información importante para formar grupos).
- **Rexistrar** en instrumentos adecuados a información sobre a situación inicial dos alumnos/as.

### 6.2.3.- Actividades para a aprendizaxe dos novos contidos:

Usaranse fundamentalmente dúas vías:

#### a) Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:

- profesor presentará o **novo contido de xeito claro, ben estruturado dende o punto de vista lóxico, usando demostracións, exemplos, formatos diferentes (imaxe, vídeos, esquemas...)** e **posibles aplicacións a casos prácticos**.
- Inmediatamente despois alumnos e alumnas con diferentes capacidades e coñecementos previos **resolverán exemplos semellantes** diante dos compañeiros, quedando para o final os menos competentes respecto a eses contidos.
- Analizaranse con todo o grupo **actividades xa resoltas** (ben ou mal).
- Proporanse **actividades de igual complexidade** cós exemplos do mestre/a para que os alumnos/as os fagan **autonomamente**.
- Organizaranse **actividades en pequenos grupos heteroxéneos** (en canto a capacidade e coñecementos previos) que rematan cunha exposición dos resultados ó grupo clase (con intervención de todos).

#### b) Traballos de investigación ou busca de información por parte do alumnado coa guía do profesor:

- Escóllese o tema a traballar (mellor coa participación do alumnado).
- Estúdanse as concepcións previas do alumnado sobre o tema.
- Concrétanse os aspectos que queremos descubrir (que queremos saber?).
- O profesorado propón os recursos (en papel ou na rede) que se consultarán para responder as preguntas.
- O alumnado busca a información nas fontes propostas.
- O alumnado traballa a información e con ela elabora un produto final (un documento, un mural, unha presentación...), para mostrarlle aos demais as súas conclusións.

### 6.2.4.- Actividades de xeneralización e de aplicación das aprendizaxes adquiridas:

- O profesor explica con claridade, con exemplos e demostracións, como os contidos aprendidos se aplican a diferentes situacións. Irá

aplicando o novo contido a diferentes variables e explicitando os pasos para resolve-la situación.

- Propóráselle aos alumnos/as actividades de diferentes graos de complexidade, dándolle opción a que cada un elixa a que máis se adapte á súa competencia. O grao de complexidade virá dado en función de:
  - o Parecido coas actividades de aprendizaxe.
  - o Número de variables a ter en conta.
  - o Grao de dirección da actividade.
- Organizaranse actividades de titoría de alumnos por parellas ou en pequenos grupos.

#### **6.2.5.- Actividades de exercitación e memorización:**

- Organizar **actividades de reforzo** (co mesmo grao de complexidade que as anteriores) e de **ampliación** (mesmos contidos en situacións diferentes).
- Organizar **novas actividades de titoría entre iguais**, actuando os máis competentes como modelos.

#### **6.2.6.- Actividades de aplicación práctica das aprendizaxes a situacións concretas da vida real (implican resolver situacións problemáticas similares ás presentadas na avaliación das competencias básicas):**

- Propoñer algún **traballo que leve consigo algún tipo de produto**, para que o alumno/a aplique as aprendizaxes adquiridas: unha saída, situación de laboratorio, cartel-mural resume, exposición ó grupo clase..... Proporanse varios **traballos de distinta complexidade**.

#### **6.3.- Metodoloxía a seguir no caso de ter que activar o ensino a distancia.**

Para traballar os contidos seleccionados podemos facer tres bloques de actividades:

##### **Bloque 1.- Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:**

- Presentarémolles ao alumnado os contidos que imos traballar e ofrecerémolles unha explicación clara, ben estruturada dende o punto de vista lóxico, usando vídeos, esquemas ou imaxes, seleccionados de internet, ou ben textos, arquivos de audio e/ou vídeo, presentacións... creados por nós.

- Debemos comunicarlle que é moi importante entender o que se explica e que se non fose así debe comunicarllo ao profesorado para que este se poña en contacto con el e busque a mellor maneira de que chegue a comprender o que non entende.

### **Bloque 2.- Práctica e afianzamento das novas aprendizaxes.**

Unha vez dada a explicación o profesorado propoñeralle unha serie de exercicios ou actividades nos que o alumno deberá practicar as aprendizaxes que lle foron presentadas e demostrar que as ten ben adquiridas. As actividades deben ser dunha complexidade similar á das explicacións previas para que o alumnado poida realizalas autonomamente.

### **Bloque 3.- Xeneralización de aprendizaxes. Conexión con outras aprendizaxes previas. Reforzo. Ampliación. Creación.**

- Exercicios de repaso do esencial da área.
- Actividades de creación, a proposta do profesor/a correspondente ou de departamentos ou organismos externos (biblioteca escolar, por exemplo).
- Actividades de razoamento, de análise da realidade, de experimentación...
- Actividades de reforzo (da mesma complexidade das traballadas no núcleo do tema), para alumnos que non chegaron a adquirir as aprendizaxes clave da unidade didáctica.
- Actividades de “recuperación” de aprendizaxes traballados en temas anteriores, pero que para algúns supoñen lagoas a superar.

## **7.- Materiais e recursos didácticos.**

- Plataforma Edixgal.
- Ordenadores.
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propia da área
- Encerado dixital.
- Recursos fotocopiabiles con actividades de reforzo e de ampliación.
- Globo terráqueo e mapas.
- Material de aula: , láminas, ordenador con conexión a internet, canón de video, encerado dixital,Aula Abalar.
- Recursos da biblioteca escolar.

- Aula virtual.

## **8.- Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación inicial levarase a cabo entre o 11 e o 30 de setembro. Farase en base ás seguintes accións:

- Análise das actas finais do curso anterior de cada grupo de alumnos.
- Análise dos informes individualizados ou informes psicopedagóxicos que poida haber de cada alumno.
- Observación da actividade escolar de cada grupo e de cada un dos alumnos/as durante o traballo de aula..
- Realización de probas específicas de avaliación inicial elaboradas previamente polo profesorado en base aos estándares de aprendizaxe do curso anterior.
- Valoración dos resultados e toma de decisións para recoller as medidas que se consideren oportunas na programación didáctica.
- Reunión da avaliación inicial durante a primeira semana de outubro.
- Rexistro dos datos da avaliación inicial nos documentos do profesorado e no XADE.

## **9.- Procedemento de avaliación continua.**

Cada titor/a coordinará o desenvolvemento da avaliación continua que será realizada polo Equipo Docente de xeito colexiada.

Os profesores/as de cada área informarán ao alumnado sobre os obxectivos, competencias básicas, contidos e estándares de aprendizaxe que se lle van pedir. Esta información será xeral ao principio de curso e máis concreta ao comezo de cada unidade didáctica.

Para a avaliación continua terase en conta toda a actividade desenvolvida polo alumnado: tarefas que realiza diariamente na aula (exercicios de libro de texto, exercicios de caderno, traballos, participación oral...), probas escritas periódicas, esforzo e actitude.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan: reforzo educativo, adaptación curricular non significativa, apoio pedagóxico por parte do profesorado encargado desta tarefa, compromiso educativo coas familias...

Durante o curso celebraranse tres sesións de avaliación, que coincidirán cos finais de cada un dos trimestres. De cada unha destas sesións o titor/a de o grupo levantará acta coas decisións e acordos adoptados.

Posteriormente a estas sesións de avaliación, o titor/a informará ás familias sobre o resultado da avaliación, por escrito, mediante o boletín de notas, e introducirá as cualificacións no XADE.

Independentemente destas reunións, a relación entre titor e familia deberá ser continua ao longo do curso escolar, debéndose intensificar as entrevistas coas familias de alumnos cuxo rendemento non sexa adecuado. Cada titor/a terá un rexistro de visitas de pais/ nais.

A final de cada curso, o titor/a entregará ás familias información máis detallada da evolución do seu fillo/a, indicando os aspectos que deben mellorarse. Esta información referirase aos obxectivos de cada área e ao grado de adquisición das competencias clave.

Esta información curricular será incluída polo titor no expediente académico.

Procedemento para a toma de decisión da promoción de nivel:

☒ Ao finalizar o curso, o equipo docente de nivel, reunido en sesión de avaliación final, deberá decidir sobre a promoción de cada un dos alumnos e alumnas ao curso seguinte.

☒ A decisión debe ser consensuada por todo o profesorado, debendo ter especial consideración a información do titor ou titora. En caso de non existir acordo prevalecerá a opinión do titor/a.

☒ No caso que un titor ou titora considere que é máis adecuado que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso, deberá entrevistarse coas familias (antes de que o Equipo Educativo tome a decisión), a fin de solicitar a súa opinión sobre tal medida. De devandita entrevista deberá quedar constancia escrita.

## **10.- Medidas de atención á diversidade**

Ás clases de Valores asistirá, como norma xeral, todo o alumnado do grupo, sen que ninguén saia a recibir apoio fóra de aula. Tampouco contarán, habitualmente, con ningún profesorado de apoio. Polo tanto, as medidas fundamentais de atención á diversidade que se poñerán en marcha serán aquelas que axuden a xestionar o grupo completo tendo en conta, na maior medida posible, as necesidades específicas de cada un dos seus integrantes. As metodoloxías propostas son as principais medidas de atención á diversidade. Ademais, na programación de aula ou na programación de cada unha das unidades didácticas concretaranse medidas específicas para desenvolver ao longo do curso, entre as que poderían contemplarse, entre outras:

- Priorizar os obxectivos e contidos que se consideren fundamentais para futuras aprendizaxes, que teñan funcionalidade e aplicación práctica e que fagan referencia a procedementos.
- Partir sempre dos coñecementos previos de cada alumno.
- Diseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade e que permitan distintos modos de execución.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.
- Propoñer actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos: pequeno grupo, gran grupo, individual.
- Planificar actividades de libre execución por parte dos alumnos segundo os seus intereses.
- Planificar actividades que faciliten a manipulación e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.
- Distribución heteroxénea do alumnado.
- Ubicación do alumnado con necesidades específicas nos lugares que máis lle favorezan.
- Plantexar sesións onde se alternen a explicación de teoría coa realización de exercicios prácticos.
- Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a comunicación e o descubrimento.
- Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as (especialmente para os alumnos/as con neae).
- Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todos os alumnos/as, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e neae. Son especialmente adecuadas: técnicas de demostración e modelado, técnicas de traballo cooperativo, titorías entre iguais, traballo por proxectos, ...
- Favorecer o tratamento globalizado e interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe buscando a xeneralización.
- Partir das motivacións e intereses dos nenos/as (centros de interese).
- Fomentar un bo clima de relacións sociais (respecto e tolerancia).
- Favorecer o uso de distintos materiais e recursos para que podan manipular e experimentar.
- Empregar distintos espazos e recursos dentro e fóra da aula.



- Introducir a avaliación do contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, a participación, traballos individuais e grupais, ...)
- Concretar e/ou facilitar os contidos mínimos que deben estudar.
- Plantexar modificacións na forma de preguntar nas probas de avaliación (tipo test, de desenvolvemento, exames orais, preguntas de unir con frechas, preguntas curtas, secuenciar os pasos dun problema, distanciar as preguntas en distintas follas, empregar apoios visuais, uso das TICs, ...)
- Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da iluminación.
- Contratos didácticos co alumnado e coas familias.

## 11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 12. Avaliación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará: cada ano, a principio de curso.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación.				
Adecuación dos estándares mínimos para a promoción do alumnado.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Concreción dos elementos transversais.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

### **13.Pautas para a educación en tempo de confinamento. Orientacións para elaborar traballos durante a pandemia.**

**1.- Horario:** Seguirase o horario espello establecido no plan de continxencia do centro para o curso 2021-2022.

**2.- Recursos tecnolóxicos para a educación a distancia:** Utilizarase preferentemente a Aula Virtual do Centro, onde estarán aloxados e secuenciados, coa antelación suficiente, contidos e actividades.

#### **3.- Estrutura das unidades didácticas:**

Para traballar os contidos seleccionados podemos facer tres bloques de actividades:

##### ***Bloque 1.- Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:***

- Presentarémolle ao alumnado os contidos que imos traballar e ofrecerémolle unha explicación clara, ben estruturada dende o punto de vista lóxico, usando videos, esquemas ou imaxes, seleccionados de internet, ou ben textos, arquivos de audio e/ou video, presentacións... creados por nós.
- Debemos comunicarlle que é moi importante entender o que se explica e que se non fose así debe comunicarllo ao profesorado para que este se poña en contacto con el e busque a mellor maneira de que chegue a comprender o que non entende.

##### ***Bloque 2.- Práctica e afianzamento das novas aprendizaxes.***

Unha vez dada a explicación o profesorado propoñeralle unha serie de exercicios ou actividades nos que o alumno deberá practicar as aprendizaxes que lle foron presentadas e demostrar que as ten ben adquiridas. As actividades deben ser dunha complexidade similar á das explicacións previas para que o alumnado poida realizalas autonomamente.

##### ***Bloque 3.- Xeneralización de aprendizaxes. Conexión con outras aprendizaxes previas. Reforzo. Ampliación. Creación.***

Neste bloque entrarían aquelas actividades que poden non estar vinculadas estritamente cos novos contidos seleccionados e traballados no tema pero que nos parecen de moito interese:

- Exercicios de repaso do esencial da área.
- Actividades de creación, a proposta do profesor/a correspondente ou de departamentos ou organismos externos (biblioteca escolar, por exemplo).
- Actividades de razoamento, de análise da realidade, de experimentación...

- Actividades de reforzo (da mesma complexidade das traballadas no núcleo do tema), para alumnos que non chegaron a adquirir as aprendizaxes clave da unidade didáctica.
- Actividades de “recuperación” de aprendizaxes traballados en temas anteriores, pero que para algúns supoñen lagoas a superar.
- .....